



FESTIVAIS DE SAN ISIDRO E FIN DE CURSO 2018/2019

O vindeiro domingo **19 de maio**, celebrarase o Festival de San Isidro no campo da festa de Bugallido. Para preparar esta actuación, haberá un **ensaio xeral o sábado 18** de maio pola mañá de 11:00h a 13:00h en Bugallido, ó que deberán asistir tódolos participantes que os profesores indiquen.

Os ensaios de gaita para este festival, serán os luns **6 e 13 de maio en Bertamiráns**, de 21:15h a 22:15h, e o sábado **11 de maio en Bugallido**, de 18:30h a 19:30h.

Asimesmo, o domingo **16 de xuño**, ás 6 da tarde, celebraremos na Casa da Cultura de Bertamiráns o Festival de Fin de Curso da nosa escola. Participarán tódolos rapaces e rapazas que asistiron as clases durante o curso.

É necesario que confirmedes, aqueles alumnos que ides participar no festival e os que non. Confirmádello o antes posible a Inés e a Antonio nas clases.

O sábado anterior día, **8 de xuño, haberá un ensaio xeral** de 11:00h a 14:00h, na Casa da Cultura de Bertamiráns, ó que deberán asistir obrigatoriamente tódolos alumnos participantes.

É necesario que o festival comece puntualmente, polo que os alumnos deberán estar na Casa da Cultura ás 17:30h, **agás os de gaita, que terán que estar as 16:45h** para afinar.

Os ensaios de gaita para este festival, serán os luns **3 e 10 de xuño en Bertamiráns**, de 21:15h a 22:15h, e o sábado **8 de xuño en Bugallido**, de 18:30h a 19:30h.

O 15 de xuño, día anterior ó festival, é probable que se poña un ensaio en Bugallido pola mañan, segundo os profesores o vexan necesario. Avisarase do que se decida.

Ó remate do Festival, entregáraselle un agasallo a tódolos membros da escola, tanto ós que actúen como ós que non e logo haberá uns pinchos para tódolos participantes.

Os agasallos soamente, se entregarán no Festival, non nas clases, por iso é importante que acudan todos, actúen ou non.

Aqueles alumnos que vaian participar no festival e aínda non teñan traxe, repartiránse traxes, os días **4 e 11 de maio** nas clases de baile e gaita, e o mércores **8 de maio ás 21:00h** en Bugallido, á xente que ensaia en Bertamiráns os luns, e non lle coinciden as clases nos horarios mencionados.

Só se repartirán ese día, non se dará ningún traxe fóra dese horario.

Agradecemoslle a súa colaboración e asistencia ó festival e ós ensaios, e aproveitamos a ocasión para enviarlle un cordial saúdo.

Coa colaboración de:

A Directiva

CHAVIAN
MUSIC SCHOOL